

# ESQUEMA BÁSICO DO CONTIDO MÍNIMO DUN PLAN DE ORDENACIÓN CINEXÉTICA (POC) E AS CARACTERÍSTICAS QUE DEBE CUMPRIR A SÚA INFORMACIÓN GRÁFICA

O esquema básico do contido mínimo dun POC no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia está baseado na aplicación da lexislación vixente: Lei 13/2013, do 23 de novembro, de caza de Galicia; Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o regulamento de caza de Galicia; Orde do 23 de xullo de 2002 pola que se regula a sinalización nos terreos cinexéticos; Instrución do 19 de decembro de 2010, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza sobre criterios e condicións para a renovación dos plans de ordenación cinexética correspondentes ao 3º período de ordenación; Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia; Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Os artigos 48.1 da Lei 13/2013, do 23 de novembro, e 2.1 do Decreto 284/2001, do 11 de outubro, establecen que quen sexa titular dos tecores e das explotacións cinexéticas comerciais (ECC) deberá presentar obrigatoriamente un POC para un **período de cinco anos** redactado por unha ou un técnico universitario competente. En consecuencia, **todos os documentos** (memoria, orzamentos, planos, anexos) **do POC deben ser asinados por unha ou un técnico universitario competente, constando o seu nome e apelidos, a titulación universitaria e o número de colexiado.**

Con obxecto de unificar os criterios do contido mínimo dun POC e as características que debe cumprir a súa información gráfica, propónse o seguinte **esquema básico**:

## ÍNDICE

### I. MEMORIA

1. **Xustificación e obxectivos** (anexo I Decreto 284/2001)

2. **Estado legal** (anexo I Decreto 284/2001)

#### **2.1 Datos administrativos**

2.1.1. Titular e denominación do tecor ou da ECC

2.1.2. Concello

2.1.3. Comarca

2.1.4. Provincia

2.1.5. Número de matrícula

2.1.6. Límites e perímetro

2.1.7. Superficie

a) O POC ten que recoller a totalidade da superficie declarada no tecor ou na ECC rectificada, no seu caso, segundo as resolucións de modificación do seu ámbito territorial (segregacións, ampliacións) ditadas desde a súa declaración.

b) No caso de haber enclavados de terreos non cinexéticos no interior do tecor ou da ECC, ten que constar a superficie de cada un, a superficie total e a súa localización.

2.1.8. Duración

2.1.9. Breve historial administrativo

Incluír o tipo de tecor (de carácter autonómico, de carácter local, de carácter societario, de carácter individual –art. 13 Lei 13/2013-) ou da ECC (aberta de caza menor, cercada de caza maior ou cercada de caza maior con aproveitamento de menor –art. 26 Lei 13/2013-).

## **2.2 Réxime xurídico dos terreos incluídos no tecor ou na ECC**

2.2.1. Zonas de seguridade

2.2.2. Vedados de caza

2.2.3. Propiedade do terreo

2.2.4. Terreos non cinexéticos

2.2.5. Refuxios de fauna

2.2.6. Espazos naturais protexidos. Rede Natura 2000

2.2.7. Cercados cinexéticos

2.2.8. Zonas de aclimatación (art. 41 Lei 13/2013)

2.2.9. Instrumento de ordenación ou de xestión forestal (art. 87.2 Lei 7/2012)

2.2.10. Terreos queimados (art. 44 Lei 3/2007)

## **3. Situación socioeconómica. Influencia da poboación e as actividades no medio** (anexo I Decreto 284/2001)

#### **4. Estado natural** (anexo I Decreto 284/2001)

##### **4.1. Características do medio físico**

4.1.1. Climatoloxía

4.1.2. Xeomorfoloxía

4.1.3. Solos

4.1.4. Hidroloxía

##### **4.2. Vexetación**

4.2.1. Composición

4.2.2. Evolución

4.2.3. Usos e influencias

##### **4.3. Fauna**

4.3.1. Estudo das especies e dos hábitats

4.3.2. Interaccións ecolóxicas

4.3.3. Incidencia dos usos e aproveitamentos humanos

4.3.4. Inventario

4.3.5. Compatibilidade dos hábitats e das especies coa acción cinexética (art. 49.2.h Lei 13/2013)

Mencionar as zonas preferentes de paso de fauna para especies de caza maior.

No seu caso, citar a existencia de especies ameazadas que puidesen verse afectadas polas actuacións previstas no POC.

#### **5. Estado cinexético** (anexo I Decreto 284/2001 e art. 49.2.a Lei 13/2013)

##### **5.1. Inventario** (anexo I Decreto 284/2001 e art. 49.2.a Lei 13/2013)

##### **5.2. Factores de mortalidade e a súa incidencia na dinámica da poboación** (anexo I Decreto 284/2001)

##### **5.3. Actuacións levadas a cabo no pasado para mellorar os resultados da caza** (anexo I Decreto 284/2001)

##### **5.4. Especies obxecto de aproveitamento cinexético**

Todas as especies que constitúen o aproveitamento cinexético deben estar incluídas no anexo IV do Decreto 284/2001 (relación de **especies cazables** no territorio da C.A. de Galicia).

**5.5. Estudo dos usuarios do espazo cinexético** (pto. 1.1 Instrución do 19.12.2010 da DXCN e POC Web)

5.5.1. Núm. total de cazadores que soporta o espazo cinexético

- a) Estimación do núm. de cazadores que practica a caza maior exclusivamente.
- b) Estimación do núm. de cazadores que practica a caza menor exclusivamente.
- c) Estimación do núm. de cazadores que practican tanto a caza maior como a caza menor.

5.5.2. En especies que se poden cazar de xeito colectivo

Determinar o núm. de cuadrillas autorizadas na última tempada para cada especie (corzo, xabaril, cervo, raposo).

5.5.3. En especies de caza menor

- a) Clasificar aos cazadores en función da especie principal sobre a que exercen a caza durante a tempada.
- b) Estimar, en función dos resultados acadados no período de ordenación anterior, a efectividade na procura dunha peza de caza (núm. medio de xornadas invertidas para abater e cobrar un exemplar da especie principal sobre a que exerce presión o cazador).

**5.6. Resultados cinexéticos de tempadas anteriores**

Detallar o aproveitamento cinexético (capturas) nas tres últimas tempadas (POC Web e pto. 1 Instrución do 19.12.2010 da DXCN):

- a) En caza menor, núm. de individuos por especie.
- b) En caza maior, núm. de individuos por especie e sexo (manexar a información proporcionada polos precintos de caza).

**5.7. Estado actual das poboacións**

a) **Información** sobre el estado actual das poboacións:

- Debe resultar da **aplicación dun método de censo** para cada especie de caza menor e de caza maior (pto. 1.1 Instrución do 19.12.2010 da DXCN).
- En especies de caza maior, ademais, a dita información debe **completarse, compararse e discutirse coa seguinte información:** (pto. 1.2.2 Instrución do 19.12.2010 da DXCN):
  - .. resultados cinexéticos das tempadas correspondentes ao período de ordenación anterior.
  - .. danos ocasionados polas especies cinexéticas en relación á cota autorizada e ós exemplares realmente cobrados (diferenciando entre as capturas dentro do período hábil e as capturas por danos)
  - .. a información aportada polo/a garda do tecor (non é obrigatorio).

Realizárase polo tanto, unha análise en conxunto de todos aqueles factores dos que se pode obter información fiable acerca do estado das poboacións cinexéticas.

b) **Método de censo** (pto. 1.1 Instrución do 19.12.2010 da DXCN):

- Xustificar a súa elección.
- Reflectir a planificación detallada da súa execución, en canto a:
  - .. os medios materiais e de persoal que se empregaron.
  - .. a localización precisa das zonas de inventario.
  - .. as datas nas que foi executado.
- Debe poder coñecerse o proceso de cálculo.

**5.8. Estimación dos parámetros poboacionais** (art. 49.2.a Lei 13/2013)

**5.9. Estado zosanitario da fauna cinexética** (art. 49.2.j Lei 13/2013)

**5.10. Posibles danos causados pola fauna cinexética** (art. 49.2.j Lei 13/2013)

**5.11. Infraestruturas cinexéticas** do tecor ou da ECC

5.11.1. Sinalización (é obrigatoria -art. 46 Lei 13/2013-)

- a) Sinalización atendendo as súas características físicas, cinexéticas e sociais (art. 49.2.i Lei 13/2013)
- b) Sinalización cumprindo a Orde do 23 de xullo de 2002, pola que se regula a sinalización nos terreos cinexéticos  
No seu caso, se a sinalización non cumpre co establecido na dita Orde do 23 de xullo de 2002 especificar os motivos (furtos, roubos ou outros) así como as denuncias ao respecto.

5.11.2. Vedados de caza (é obrigatorio -art. 19 Lei 13/2013-)

- a) O POC ten que recoller o núm. de vedados, a superficie de cada vedado, a superficie total de vedados e a súa localización.  
Lembrar que a superficie mínima do vedado de caza é un 10% da superficie total do tecor e que no caso de que o vedado de caza se reparta en varios espazos menores, cada espazo terá unha extensión mínima de 50 hectáreas.
- b) O POC ten que recoller que os vedados manteñen os mesmos lindes polo menos durante dous anos consecutivos (art.7 Decreto 284/2001).

5.11.3. Cercados cinexéticos (no caso de existir) -art. 40 Lei 13/2013-

- a) O POC ten que recoller o núm. de cercados, a superficie de cada cercado, a superficie total de cercados e a súa localización.  
Lembrar que a superficie mínima dos cercados cinexéticos é de 500 hectáreas.

- b) No POC debe constar o tipo de cercado (de aproveitamento, de protección).

5.11.4. Zonas de aclimatación (no caso de existir) -art. 41 Lei 13/2013-

- a) O POC ten que recoller o núm. de zonas de aclimatación, a superficie de cada zona de aclimatación, a superficie total e a súa localización.
- b) Especificar a que especies cinexéticas están dirixidas.

5.11.5. Zonas de adestramento de cans (no caso de existir) -art. 44 Lei 13/2013-

- a) O POC ten que recoller o núm. de zonas de adestramento, a superficie de cada zona de adestramento, a superficie total e a súa localización.
- b) Especificar a localización das zonas de adestramento:
  - a zona quedará separada dos núcleos habitados pola zona de seguridade.
  - a zona quedará separada dos lindeiros doutro terreo sometido a réxime especial por unha distancia mínima de 500 metros, agás que medie acordo entre os/as titulares lindantes.
- c) Especificar a senalización das zonas de adestramento
  - As zonas de adestramento ten a mesma sinalización que os tecor (art. 1 Orde 23.07.2002).
- d) Especificar as épocas e as condicións en que levaron a cabo o adestramento de cans.
- e) Especificar expresamente que non se adestraron cans durante a época de maior sensibilidade na cría de especies silvestres presentes na zona.

5.11.6. Zonas de adestramento de aves de cetraría (no caso de existir) -art. 44 Lei 13/2013-

- a) O POC ten que recoller o núm. de zonas de adestramento, a superficie de cada zona de adestramento, a superficie total e a súa localización.
- b) Especificar a localización das zonas de adestramento:
  - a zona quedará separada dos núcleos habitados pola zona de seguridade.
  - a zona quedará separada dos lindeiros doutro terreo sometido a réxime especial por unha distancia mínima de 500 metros, agás que medie acordo entre os/as titulares lindantes.
- c) Especificar as épocas e as condicións en que levaron a cabo o adestramento de aves de cetraría.
- d) Especificar expresamente que non se adestraron aves de cetraría durante a época de maior sensibilidade na cría de especies silvestres presentes na zona.

5.11.7. Zonas de caza permanente (no caso de existir) -art. 45 Lei 13/2013 e 8 do D 284/2001-

- a) O POC ten que recoller o núm. de zonas de caza permanente, a superficie de cada zona de caza permanente, a superficie total e a súa localización.

Lembrar que a superficie destinada a caza permanente non poderá superar o 5 % da superficie total do tecor.

- b) Especificar a sinalización das zonas de caza permanente.

- as zonas estarán perfectamente sinalizadas e os seus contornos delimitados.

- as zonas ten a mesma sinalización que os tecor (art. 1 Orde 23.07.2002).

- c) Especificar a localización das zonas de caza permanente:

- as zonas sitúanse en lugares en que non se poñan en risco as poboacións de especies silvestres.

- as zonas gardan unha distancia de 500 metros dos lindeiros do tecor, agás que medie acordo entre os/as titulares dos tecores estremeiros.

- na zona non existen cultivos agrícolas.

- d) Especificar as pezas que se soltaron, que a súa orixe foi de granxas autorizadas e que só soltaron exemplares das especies incluídas na resolución que regula cada ano os períodos hábiles de caza.

- e) Especificar que a caza se realizou sobre exemplares procedentes de soltas autorizadas.

- f) Especificar expresamente que non se cazou durante os tres meses de maior sensibilidade para a cría de especies silvestres presentes na zona.

5.11.8. Comedeiros para as especies cinexéticas (no caso de existir)

O POC ten que recoller o tipo de comedeiro (colgantes, creación de pasteiros, sementa de cereais,...), a súa situación sobre o terreo e a súa localización, o seu número ou a súa superficie e a especie a que vai dirixido.

5.11.9. Bebedeiros para as especies cinexéticas (no caso de existir)

O POC ten que recoller o tipo de bebedeiro, a súa situación sobre o terreo e a súa localización, o seu número ou a súa superficie e a especie a que vai dirixido.

5.11.10. Pasos de fauna (no caso de existir)

O POC ten que recoller o tipo de paso de fauna, a súa situación sobre o terreo e a súa localización, o seu número e a especie a que vai dirixido.

5.11.11. Outros elementos de infraestrutura: rede viaria, comunicacións, ... (no caso de existir)

5.11.12. Gardería privada e a súa dotación (no caso de existir)

O POC ten que recoller o número de gardas privados e o equipamento da gardería (vehículos, emisora, teléfonos, armas, ...).

**6. Potencial cinexético** (anexo I Decreto 284/2001)

**6.1. Avaliación da capacidade de carga cinexética do hábitat** (art. 49.2.a Lei 13/2013)

**6.2. Factores limitantes**

**6.3. Densidade óptima**

**7. Plan de xestión** (anexo I Decreto 284/2001)

**7.1. Obxectivos da xestión**

Establecer os **obxectivos de ordenación** de acordo coa información recollida na fase de inventario (art. 49.2.b Lei 13/2013).

**7.2. Unidades de xestión**

Definición e descrición das unidades de xestión (art. 49.2.a Lei 13/2013)

**7.3. Plan de aproveitamento por especies**

**7.3.1. Especies a ordenar**

Especificar, para cada especie, a situación actual e a situación que se pretende acadar coa planificación (POC Web).

**7.3.2. Estimación da extracción sustentable** en función da evolución prevista das poboacións cinexéticas (art. 49.2.c Lei 13/2013).

**7.3.3. Cotas de captura**

a) Fixar as cotas de capturas anuais para cada unha das especies cinexéticas.

- No caso de especies de caza maior, fixar as cotas de capturas anuais en función das capturas realizadas nas tres últimas tempadas.

- No caso de especies de caza menor, xustificar tecnicamente as cotas de capturas anuais.

b) En especies cinexéticas de caza maior: (ptos.1 e 1.2.2 Instrución do 19.12.2010 da DXCN)

- As cotas de captura para cada especie deben estar perfectamente definidas por sexo e idades, agás no caso do xabaril (pto. 1.2.2 Instrución do 19.12.2010 da DXCN).

- Determinar e reflectir de xeito que se poida coñecer o proceso de cálculo) cal é a evolución esperada da poboación ó longo dos cinco anos de ordenación (pto. 1.2.2 Instrución do 19.12.2010 da DXCN).



- Manexar a información proporcionada polos precintos de caza de tempadas anteriores (pto. 1 Instrución do 19.12.2010 da DXCN).
- c) En especies cinexéticas de caza menor: (pto. 1.2.1 Instrución do 19.12.2010 da DXCN).
  - Estimar o número de xornadas hábiles de caza para cada especie cinexética, en función da cota de capturas estimada e o estudo dos cazadores.
  - Presentar unha táboa resumo, na que se recolla como mínimo para cada unha das especies: cotas de captura por tempada e número de xornadas hábiles de caza por tempada.

#### **7.3.4. Modalidades de caza**

Especificar as modalidades de caza para cada unha das especies cinexéticas, de acordo co art. 72 da Lei de caza 13/2013 (POC Web).

#### **7.4. Xestión dos vedados de caza** (art. 49.2.g Lei 13/2013)

#### **7.5. Plan de melloras** (pto. 1.3 Instrución do 19/12/2010 da DXCN)

O plan de melloras debe ser xustificando e de obrigado cumprimento.

Planificar as melloras por sectores:

- Melloras sobre as poboacións
- Melloras sobre o medio (non é obrigatorio proxectala)
- Melloras en infraestruturas (non é obrigatorio proxectala)
- Melloras en persoal (non é obrigatorio proxectala)
- Outras melloras (non é obrigatorio proxectalas)

Todas as actividades de mellora deben estar desenvolvidas no espazo e no tempo (art.49.2.f Lei 13/2013).

##### **7.5.1. Planificación das melloras sobre as poboacións** (obrigatorio o apartado a), o resto, no caso de proxectarse)

- a) Accións de conservación e/ou de recuperación das especies cinexéticas, así como, se procede, doutras especies silvestres (art. 49.2.e da Lei 13/2013). As ditas accións deben estar articuladas no tempo (art. 4.e do Decreto 284/2001). **OBRIGATORIO**
- b) Planificación anual das repoboacións cinexéticas (como mínimo: describir o método de repoboación a empregar, definir a época de execución prevista para cada ano, establecer o número e as idades dos exemplares a empregar e localización da zona na que se realizarán).
- c) Control sanitario. Vacinación (POC web).
- d) Control de predadores (POC web), (xustificar os danos).
- e) Zonas de vedados de caza (POC web).
- f) Outras melloras sobre as poboacións cinexéticas (POC web).

7.5.2. *Planificación das melloras sobre o medio* (só no caso de proxectarse)

- a) Especificar que inclúen:
- Sementeirias para a caza (POC web)
  - Rozas para a caza (POC web)
  - Outras melloras sobre o medio (POC web)
- b) Para cada unha das distintas melloras proxectadas contemplar: (pto. 1.3.2 Instrución do 19/12/2010 da DXCN)
- unha descrición do programa de execución
  - un cronograma de execución
  - unha estimación da superficie afectada por anos dentro do período de ordenación
  - localización das zonas de actuación

7.5.3. *Planificación das melloras en infraestruturas* (só no caso de proxectarse)

7.5.3.1. Sinalización (só no caso de proxectarse)

- a) Sinalización atendendo as súas características físicas, cinexéticas e sociais (art. 49.2.i Lei 13/2013).
- b) Sinalización cumprindo a Orde do 23 de xullo de 2002, pola que se regula a sinalización nos terreos cinexéticos.

7.5.3.2. Vedados de caza (só no caso de proxectarse) -art. 19 Lei 13/2013-

- a) Ten que recoller o núm. de vedados, a superficie de cada vedado, a superficie total de vedados e a súa localización.  
Lembrar que a superficie mínima do vedado de caza é un 10% da superficie total do tecor e que no caso de que o vedado de caza se reparta en varios espazos menores, cada espazo terá unha extensión mínima de 50 hectáreas.
- b) Ten que recoller que os vedados manteñen os mesmos lindes polo menos durante dous anos consecutivos (art.7 Decreto 284/2001).
- c) Ten que constar a xestión dos vedados de caza (art. 49.2.g Lei 13/2013).

7.5.3.3. Cercados cinexéticos (só no caso de proxectarse) -art. 40 Lei 13/2013-

- a) Ten que recoller o núm. de cercados, a superficie de cada cercado, a superficie total de cercados e a súa localización.  
Lembrar que a superficie mínima dos cercados cinexéticos é de 500 hectáreas.
- b) Debe constar o tipo de cercado (de aproveitamento, de protección).

7.5.3.4. Zonas de aclimatación (só no caso de proxectarse) -art. 41 Lei 13/2013-

- a) Ten que recoller o núm. de zonas de aclimatación, a superficie de cada zona de aclimatación, a superficie total e a súa localización.
- b) Especificar a que especies cinexéticas están dirixidas.

7.5.3.5. Zonas de adestramento de cans (só no caso de proxectarse) -art. 44 Lei 13/2013-

- a) Ten que recoller o núm. de zonas de adestramento, a superficie de cada zona de adestramento, a superficie total e a súa localización.
- b) Especificar a localización das zonas de adestramento:
  - a zona quedará separada dos núcleos habitados pola zona de seguridade.
  - a zona quedará separada dos lindeiros doutro terreo sometido a réxime especial por unha distancia mínima de 500 metros, agás que medie acordo entre os/as titulares lindantes.
- c) Especificar a senalización das zonas de adestramento.
  - As zonas de adestramento ten a mesma sinalización que os tecor (art. 1 Orde 23.07.2002).
- d) Especificar as épocas e as condicións en que poderán levarse a cabo o adestramento de cans.
- e) Especificar expresamente que non se poderá adestrar cans durante a época de maior sensibilidade na cría de especies silvestres presentes na zona.

7.5.3.6. Zonas de adestramento de aves de cetraría (só no caso de proxectarse) -art. 44 Lei 13/2013-

- a) Ten que recoller o núm. de zonas de adestramento, a superficie de cada zona de adestramento, a superficie total e a súa localización.
- b) Especificar a localización das zonas de adestramento:
  - a zona quedará separada dos núcleos habitados pola zona de seguridade.
  - a zona quedará separada dos lindeiros doutro terreo sometido a réxime especial por unha distancia mínima de 500 metros, agás que medie acordo entre os/as titulares lindantes.
- c) Especificar as as épocas e as condicións en que poderán levarse a cabo o adestramento de aves de cetraría.
- d) Especificar expresamente que non se adestraron aves de cetraría durante a época de maior sensibilidade na cría de especies silvestres presentes na zona.

7.5.3.7. Zonas de caza permanente (só no caso de proxectarse) -art. 45 Lei 13/2013 e 8 do D 284/2001-

a) Ten que recoller o núm. de zonas de caza permanente, a superficie de cada zona de caza permanente, a superficie total e a súa localización.

Lembrar que a superficie destinada a caza permanente non poderá superar o 5 % da superficie total do tecor.

b) Especificar a senalización das zonas de caza permanente.

- as zonas estarán perfectamente sinalizadas e os seus contornos delimitados.

- as zonas ten a mesma sinalización que os tecor (art. 1 Orde 23.07.2002).

c) Especificar a localización das zonas de caza permanente:

- as zonas sitúanse en lugares en que non se poñan en risco as poboacións de especies silvestres.

- as zonas gardan unha distancia de 500 metros dos lindeiros do tecor, agás que medie acordo entre os/as titulares dos tecores estremeiros.

- na zona non existen cultivos agrícolas.

d) Especificar as pezas a soltar, que a súa orixe é de granxas autorizadas e que só se soltarán exemplares das especies incluídas na resolución que regula cada ano os períodos hábiles de caza.

e) Especificar que a caza se realizará sobre exemplares procedentes de soltas autorizadas.

f) Especificar expresamente que non se cazou durante os tres meses de maior sensibilidade para a cría de especies silvestres presentes na zona.

7.5.3.8. Comedeiros para as especies cinxéticas (só no caso de proxectarse)

Ten que recoller o tipo de comedeiro (colgantes, creación de pasteiro, sementa de cereais,...), a súa situación sobre o terreo e a súa localización, o seu número ou a súa superficie e a especie a que vai dirixido.

7.5.3.9. Bebedeiros para as especies cinxéticas (só no caso de proxectarse)

Ten que recoller o tipo de bebedeiro, a súa situación sobre o terreo e a súa localización, o seu número ou a súa superficie e a especie a que vai dirixido.

7.5.3.10. Pasos de fauna (só no caso de proxectarse)

Ten que recoller o tipo de paso de fauna, a súa situación sobre o terreo e a súa localización, o seu número e a especie a que vai dirixido.

7.5.3.11. Outros elementos de infraestrutura: rede viaria, comunicacións, ... (só no caso de proxectarse)

7.5.4. *Planificación das melloras en persoal* (só no caso de proxectarse)

- a) Especificar o número de gardas privados e a súa identificación.
- b) Especificar o equipamento da gardería (vehículos, emisora, teléfonos, armas, ...).
- c) Especificar a identificación de todo o persoal contratado polo titular do aproveitamento.

7.5.5. **Outras melloras** (só no caso de proxectarse)

**7.6. Outras actividades relacionadas co aproveitamento** (adestramento de cans e de aves de cetraría, caza permanente, competicións de caza, solta-captura e outras similares).

## 8. Plan de seguimento e control

- a) Debe haber un sistema de seguimento da propia planificación (art. 49.2.d da Lei 13/2013).
- b) Debe haber unha previsión de **mecanismos correctores**, coa previsión dos desaxustes graves que se orixinen entre as previsións do POC e a realidade do aproveitamento cinexético, incendios ou epizootias (art. 49.2.d da Lei 13/2013).
- c) Debe haber previsións do control dos **danos causados polas pezas de caza** (a cultivos, derivados dos accidentes de tráfico) (art. 4.k do Decreto 284/2001).
- d) Considerando a información sobre os danos ocasionados durante o período de ordenación anterior, establecer cales son as actuacións necesarias para o seu control (pto. 1.4 Instrución do 19/12/2010 da DXCN).

## 9. Réxime de vixilancia (Non é obrigatorio -art. 76.1 Lei 13/2013-)

Debe haber previsións de vixilancia, con indicación de medios persoais e materiais que se empregarán (art. 4.h do Decreto 284/2001).

## II. ORZAMENTOS

Debe constar:

- a) Unha valoración económica de todas as actuacións que se proxectan no POC (pto. 1.5 Instrución do 19/12/2010 da DXCN).
- b) As partidas de gastos, a súa natureza e periodicidade.
- c) Os ingresos previsibles durante o período de ordenación.
- d) O balance diñerario, confrontando os ingresos dos aproveitamentos cos gastos dos plans de mellora.
- e) No seu caso, un estudio de viabilidade económica suficientemente xustificado e técnico.
- f) No seu caso, as fontes de financiamento suficientemente xustificadas e garantidas.

### III. PLANOS

A información gráfica debe achegarse en papel e en formato dixital (pto. 1.6 Instrución do 19/12/2010 da DXCN).

#### 1. Planos en formato dixital (pto. 1.6 Instrución do 19/12/2010 da DXCN).

- a) Os planos estarán **xeorreferenciados**, empregando o ETRS 89
- b) Os arquivos dos planos en formato dixital terán **extensión "shp", "dxf", "dwg" ou "dgn"**
- c) Os arquivos dos planos en formato dixital conterán a **información por capas** e distribuída do seguinte xeito:

[Nota: As cores defínense por cor de índice (vermello, verde, azul)]

- Perímetro e enclavados de terreos non cinexéticos. A capa denominarase PERIMETRO E ENCLAVADOS (liña continua, de grosor 1,5 e cor negra -7 (0,0,0)-).
- Infraestruturas cinexéticas:
  - .. Vedados de caza. A capa denominarase INFRAESTRUTURAS (liña continua, de grosor 1,5 e cor vermella -1 (255,0,0)-).
  - .. Zonas de adestramento de cans. A capa denominarase INFRAESTRUTURAS (liña continua, de grosor 1,5 e cor cián -4 (0,255,255)-).
  - .. Zonas de adestramento de aves de cetraría. A capa denominarase INFRAESTRUTURAS (liña continua, de grosor 1,5 e cor azul mariño -5 (0,0,255)-)
  - .. Zonas de caza permanente. A capa denominarase INFRAESTRUTURAS (liña continua, de grosor 1,5 e cor verde -3 (0,255,0)-).
  - .. Cercados cinexéticos. A capa denominarase INFRAESTRUTURAS (liña continua, de grosor 1 e cor laranxa -30 (255,127,0)-).
  - .. Zonas de aclimatación. A capa denominarase INFRAESTRUTURAS (liña continua, de grosor 1 e cor amarela -2 (255,255,0)-).
  - .. Comedeiros e bebedeiros. A capa denominarase INFRAESTRUTURAS (liña de trazos longos ou aspas, de grosor 1 e cor gris -8 (128,128,128)- ou negra -7 (0,0,0)- respectivamente).
  - .. Pasos de fauna. A capa denominarase INFRAESTRUTURAS (liña de trazos longos ou aspas, de grosor 1 e cor malva -191 (191,127,255).
- Representación da planificación dos métodos de censo que se apliquen (itinerarios, parcelas de observación, postos fixos segundo proceda) para cada especie inventariada. A capa denominarase PLANIFICACION CENSOS.
- Cuarteis de caza (no caso de establecerse) (liña continua, de grosor 1,5 e cor marrón -26 (76,19,0)-). A capa denominarase CUARTEIS CAZA.
- Manchas de caza maior (entendidas como aquelas que pola súa extensión ou ben polas súas características, fan que as especies de caza maior mostren por estas zonas unha especial querenza, serán aquelas que normalmente se baten en montaría e batidas, en nas que no caso do xabaril se emprazan os exemplares como actuación previa á realización das batidas ou montaría). A capa denominarase MANCHAS CAZA MAIOR (liña continua, de grosor 1 e cor verde oliva -57 (76,76,38)-).

- Melloras planificadas:

- .. Vedados de caza. A capa denominarase MELLORAS (liña continua, de grosor 1,5 e cor vermella -1 (255,0,0)-).
- .. Zonas de adestramento de cans. A capa denominarase MELLORAS (liña continua, de grosor 1,5 e cor cián -4 (0,255,255)-).
- .. Zonas de adestramento de aves de cetraría. A capa denominarase MELLORAS (liña continua, de grosor 1,5 e cor azul mariño -5 (0,0,255)-).
- .. Zonas de caza permanente. A capa denominarase MELLORAS (liña continua, de grosor 1,5 e cor verde -3 (0,255,0)-).
- .. Cercados cinxéticos. A capa denominarase MELLORAS (liña continua, de grosor 1 e cor laranxa -30 (255,127,0)-).
- .. Zonas de aclimatación. A capa denominarase MELLORAS (liña continua, de grosor 1 e cor amarela -2 (255,255,0)-).
- .. Comedeiros e bebedeiros. A capa denominarase MELLORAS (liña de trazos longos ou aspas, de grosor 1 e cor gris -8 (128,128,128)- ou negra -7 (0,0,0)- respectivamente).
- .. Pasos de fauna. A capa denominarase MELLORAS (liña de trazos longos ou aspas, de grosor 1 e cor malva -191 (191,127,255).

- d) Cando se entregue en formato shape, débese **entregarse o correspondente Layer**.
- e) A capa correspondente ao **perímetro do tecor** será proporcionada polo Servizo de Caza e Pesca Fluvial (para evitar solapamentos entre tecores contiguos); no caso de que a persoa redactora do POC considere que existen discrepancias notables coa súa información, pode achegar un plano do perímetro para o seu estudo.

## 2. Planos en formato papel (pto. 1.6 Instrución do 19/12/2010 da DXCN)

a) Escala

Os planos estarán a escala 1:25.000. No caso dos **planos de melloras**, incorpóranse tantos planos de detalle e a escala suficiente como para interpretar a situación transformada e o seu proceso de execución.

- b) Como mínimo débense incorporar ao POC os seguintes planos en formato papel:
- Plano de situación
  - Plano de infraestruturas
  - Plano de vexetación
  - Plano de censo
  - Plano de melloras
- c) Nos planos en formato papel, a representación gráfica dos distintos elementos terán os mesmos cores que os descritos para os planos en formato dixital e, en función da escala dos planos, o grosor das liñas debe ser tal que permita apreciarlos con nitidez.

#### IV. ANEXOS (pto. 1.7 Instrución do 19/12/2010 da DXCN)

Aportar nun anexo as **fichas** (estadillos de campo) **ORIXINAIS ASINADAS** empregadas na fase de **inventario** das poboacións cinexéticas, nas que consten os nomes e apelidos dos/as autores/as e a data de realización.

#### POSIBLES AFECIÓNS

##### 1. **Espazos Naturais Protexidos** (art. 5 D 284/2001)

- a) Se o tecor ou a ECC está incluído nun espazo natural protexido, especificar a denominación do espazo e a superficie afectada.
- b) O POC debe estar redactado suxeitándose ás directrices fixadas no PORN do **espazo natural protexido** (art. 5 D 284/2001).

##### 2. **Rede Natura 2000** (art. 58.3.d D 37/2014)

- a) Se o tecor ou a ECC está incluído nun espazo natura 2000, especificar a denominación do espazo e a superficie afectada.
- b) Os POC en espazos natura 2000 **deben incorporar as directrices dos usos cinexéticos e piscícolas** (art. 58.2), en particular o disposto nas directrices e e f (art. 58.3.d D 37/2014).
  - Directriz e: Conciliar a práctica da caza e da pesca fluvial co debido respecto aos períodos sensibles da bioloxía das especies, ás áreas con patrimonio cultural fráxil, á paisaxe, á cantidade e calidade dos recursos cinexéticos e piscícolas, así como asegurar, mellorar e aumentar a diversidade dos seus bens e servizo a longo prazo.
  - Directriz f: Implementar na planificación cinexética os obxectivos e criterios da Rede Natura 2000 ao abeiro da normativa que a desenvolve e do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, co obxecto de que teñan en consideración a presenza e o estado de conservación dos hábitats protexidos e dos núcleos poboacionais das especies de intereses para a conservación presentes en cada un dos territorios da Rede Natura 2000.
    - 1 <sup>o</sup>) Fomentárase que o adestramento de cans se faga fóra das áreas con maior valor de conservación da biodiversidade, en especial daquelas ocupadas por hábitats prioritarios ou por áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

Nota: Lembrar que o artigo 58.3.b regula as actividades sometidas a autorización en espazos da Rede Natura 2000, entre outras, o establecemento de zonas de caza permanente así como os cerramentos e valados de terreos con carácter cinexético, que deberán ser construídos de tal maneira que, na totalidade do seu perímetro, non impidan a circulación de fauna silvestre non cinexética e eviten os riscos de endogamia nas especies cinexéticas.



### 3. **Instrumentos de ordenación ou de xestión forestal** (art. 87.2 Lei 7/2012)

- a) Se o tecor ou a ECC está incluído nun terreo forestal con instrumento de ordenación ou de xestión aprobado pola Administración forestal, especificar a denominación do espazo e a superficie afectada.

Nota: A Administración forestal emitirá un informe preceptivo do plan de ordenación cinexética que afecte terreos forestais con instrumentos de ordenación ou de xestión aprobados pola Administración forestal. Entenderase que o dito informe é positivo de non haber contestación expresa transcorridos dous meses desde a súa solicitude.

### 4. **Terreos queimados** (art. 44 Lei 3/2007)

Lembrar que o artigo 44 da Lei 3/2007, de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia, regula as “Limitacións á actividade cinexética” do seguinte xeito:

1. Os aproveitamentos e a repoboación cinexética en terreos queimados quedan **prohibidos** durante un período contado **desde a data en que se produza o incendio ata o 31 de decembro posterior á data en que se cumpren tres anos deste**, agás autorización expresa do órgano competente en materia cinexética, logo de informe favorable da consellaría competente en materia forestal.
2. A falta desta autorización, ou a realización da actividade en condicións distintas ás autorizadas, sancionárase consonte o disposto na lexislación galega en materia cinexética.

Por último, respecto á **obligación de resolver**, lembrar que:

Se ben o Decreto 284/2001, do 11 de outubro, no seu artigo 2 (“O Plan de Ordenación Cinexética”) –apartado 5–, establece que:

“A resolución de renovación ou adaptación dos POC corresponderá as persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que resolverán no prazo máximo de dous meses, contados desde a súa presentación. Se no dito prazo non recae resolución, os plans entenderanse aprobados”,

a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no seu artigo 42 (“Obrigación de resolver”), apartado 5 –letras a) e c)– regula que:

“5. O transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución **poderase suspender** nos seguintes casos:

- a) **Cando deba requirirse a calquera interesado para a corrección de deficiencias e a achega de documentos e outros elementos de xuízo necesarios**, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento

polo destinatario, ou, na súa falta, o transcurso do prazo concedido, todo iso sen prexuízo do previsto no artigo 71 da presente Lei.

c) **Cando deban solicitarse informes que sexan preceptivos e determinantes do contido da resolución** a órgano da mesma ou distinta Administración, polo tempo que medie entre a petición, que deberá comunicarse aos interesados, e a recepción do informe, que igualmente deberá ser comunicada aos mesmos. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses”.